



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2022/11

Trámite

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
PRESIDENTE: Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesións do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás nove horas e tres minutos.

1º.-SECRETARÍA.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29.06.2022 (2022-09).-Elévase á aprobación do Pleno o borrador da acta da sesión ordinaria realizada con data 29 de xuño de 2022, para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non suscitándose debate ningún e non formulándose alegación ou observación ningunha, en votación ordinaria e coa abstención de Dª Irene Toimil Fernández por non estar presente na sesión realizada con tal data, aprobouse polo voto favorable dos membros asistentes á mesma.

2º.- SECRETARÍA.- XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2022. EXPTE. 2100/2021.- Dáse conta dos antecedentes inmediatos do expediente asociado co Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións de A Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Municipais, no que consta Proposta de Alcaldía de 16 de xuño de 2022:

“...Vista a necesidade da xustificación do 50% inicial da achega da Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Mugardos para a financiación do Grupo de Emerxencias Supramunicipal(GES) da anualidade do 2022, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Ratificar o acordo adoptado pola Resolución da Alcaldía núm. 2021-1391, do 30.12.2021e ratificado polo Concello Pleno en sesión realizada o 26.01.2022, polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Depuacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa conta incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeción plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 30.12.2021.

2º.- Asumir as obrigas propios dos beneficiarios da subvención (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)





Concello de Mugardos
(A Coruña)

3º.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación:

Memoria da actuación

Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos.

Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade.

Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial.

Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT.

Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña os datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

4º.- Facultar ao sr- Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.”

Dáse lectura de forma extractada ao ditame emitido pola Comisión de Obras, Servicios e Medio Ambiente en sesión ordinaria realizada con data 7 de xullo de 2022.

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria e por trece votos a favor, sendo este o seu número total de membros, o Pleno ao abeiro do establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, prestou aprobación á proposta ditaminada adoptando o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Resolución da Alcaldía núm. 2021-1391, do 30.12.2021e ratificado polo Concello Pleno en sesión realizada o 26.01.2022, polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Depuacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa conta incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeción plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 30.12.2021.

Segundo.- Asumir as obrigas propios dos beneficiarios da subvención (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)

Terceiro.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se llerequira, a seguinte documentación:

- Memoria da actuación
- Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade.
- Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial.
- Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar acoorrenente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT.
- Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña os datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

Cuarto.- Facultar ao sr- Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.

3º.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se formulan.

4º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-Déixase constancia en acta da dilixencia de Secretaría en relación co estado de execución dos asuntos precedentes, que estaban incluídos na orde do día da sesión plenaria realizada en data 29.06.2022, e que son os que seguen:

“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente.

EXPEDIENTE 1902/2021. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2022-0395 SOBRE APROBACIÓN PROXECTOS CORRIXIDOS POS+ 2022.-Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

5º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIOPLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2022-0604 AO 2022-0694.- Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra a concelleira do grupo municipal PSOE, Marta Ruiz del Ganso para formular rogo ao goberno municipal para que procedan ao cambio das máquinas do ximnasio do Complexo Acuático de O Castro, axilicen a suscripción de novo convenio de colaboración co concello de Ares e se proceda á licitación da xestión do referido servizo público.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal PSOE para formular un rogo de xeito que proceda á limpeza das praias por canto despois da realización das Festas requiren de atención e tan so se ve unha persoa adicada á limpeza nas rúas e consideran urxente a toma de medidas.

Así mesmo e cara ao cuarto cuatrimestre do ano roga que para antes do inicio das vindeiras Navidades se inicien as obras da biblioteca.

Sendo as nove horas e nove minutos do vinte e sete de xullo de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Déixase constancia en acta que por erro involuntario no manexo da ferramenta de grabación das sesión plenarias por parte de Secretaría, non existe arquivo sonoro da mesma.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

